

### **Varela solicita a Fomento o mantemento da nacional que comunica Lugo con Ourense, pois o seu estado supón “un grave perigo para os usuarios”**

Será a través da iniciativa que vén de rexistrar no Senado e coa que pretende que o Executivo Central “faga un esforzo inversor para evitar que esta arteria de comunicación remate por ser totalmente intransitable”

Para o senador socialista, a deficitaria situación na que se atopa este vial é consecuencia “da política de recortes do Goberno de España que está a afectar dun modo moi negativo á rede de comunicacións do noso país”

**LUGO, 19 DE FEBREIRO DE 2015.-** O senador lucense –Ricardo Varela- pedirá ao Ministerio de Fomento que habilite unha partida extraordinaria e urxente para o acondicionamento e conservación da estrada nacional 540, que comunica Lugo con Ourense. Será a través da iniciativa que vén de rexistrar na Cámara Alta, e coa que pretende que o Executivo Central “faga un esforzo inversor para evitar que esta arteria de comunicación remate por ser totalmente intransitable”.

Para o socialista, o deficitario estado no que se atopa este vial é consecuencia “da política de recortes do Goberno de España que está a afectar dun modo moi negativo á rede de comunicacións do noso país”. “A falta de orzamento para conservación e mantemento propiciou este degaste que cada día é máis palpable e evidente, e que está afectando no xa á facilidade para o desprazamento, senón á propia seguridade dos condutores e ocupantes dos vehículos”, afirma.

Neste senso, engade que “a falta de atención e a diminución das partidas destinadas ao seu mantemento provocaron un deterioro de tal magnitude no firme da vía que, nestes momentos, pon en serio risco dos automobilistas que circulan pola mesma, máxime cuando as condicións meteorolóxicas son adversas”.

Por esta razón, subraia Ricardo Varela, “faise imprescindible un gran esforzo en materia de conservación que evite os accidentes que, con toda seguridade, se producirán no futuro a causa do mal estado do firme”.